

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VILASANTAR
Edificio	Mosteiro de Santa María de Mezonzo
Dirección	Lugar do Priorato, s/n. 15807
	43.060342 -8.134667
Protección	
Descrición	<p>A Igrexa de Santa María de mezonzo é, xunto cunha ala do claustro, todo o que resta dun mosteiro familiar de fundación moi antiga, probablemente do século IX, aínda que algúns remontan o primitivo cenobio ao século VIII, baseándose no reaproveitamento de dous capiteis dos séculos VI-VII na construción da igrexa.</p> <p>O templo actual data de principios do século XIII, e ten pranta basilical, de tres naves, que se corresponden con tres ousías semicirculares no testeiro. A ábsida central é máis elevada que as laterais, e está precedida por un corpo tamén máis elevado. Os muros exteriores das tres capelas adórnanse con columnas acaroadas, con xanelas situadas nos intercolumnios, tres na capela maior e unha nas laterais, decoradas con columniñas que sosteñen arcos de medio puntos decorados cunha chambrana axedrezada, que se continúa pola liña de imposta dos arcos. Os beirados das capelas laterais están sostidos por canzorros, mentres que o da capela maior apóiase sobre unha serie de arquiños cegos. No muro oriental, que salva a diferenza de altura entre as capelas e a nave central ábrese un fermoso rosetón polilobulado.</p> <p>A igrexa ten tres portadas, sen decoración escultórica, como corresponde á inspiración cisterciense dos construtores do templo. A única decoración consiste nas arquivoltas, apoiadas sobre as correspondente columnas nos derrames, tres na portada occidental, e dúas nas outras, presentando a portada Sur, a curiosidade dun arquiño polilobilado.</p> <p>No interior, as tres naves están separadas por piares compostos que sosteñen unha bóveda apuntada, apoiada en arcos faixóns e formeiros tamén apuntados, que se corresponden con contrafortes exteriores, nos muros Sur e Norte, e na fachada occidental. As capelas da cabeceira cúbrense con semicúpulas. Nos capiteis, de decoración someira, abundan as formas vexetais estilizadas, aínda que poden atoparse algúns exemplos con figuras de animais enfrontados.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	4
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	02-08-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Menor.</u>	<u>LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</u>	1879	80	296
Espadana	<u>Maior.</u>	<u>CABRILLO MAYOR, JOSÉ</u>	1943	95	496

Información completa: [Mosteiro de Santa María de Mezonzo - VILASANTAR \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)